

## Maridaxe entre ciencias e letras. Exemplos de aula.

GUNTIÑAS RODRÍGUEZ, María Elena  
Catedrática de E.S.

### INTRODUCCIÓN

Neste ano, a piques de rematar, conmemórase o segundo milenio da morte do poeta romano Publio Ovidio Nasón (43 a. C-17 d.C), de cuxa obra pódese dicir que *Las Metamorfosis*, a que tamén dásele o nome da *Biblia pagana*, é unha das mais coñecidas e que máis influencia tivo nos escritores de séculos posteriores como Alfonso X, Arcipreste de Hita, G. Chaucer, W. Shakespeare, J. Milton, A. Pope, Lord Byron, Dante A., F. Petrarca, J.W. Goethe, M. Cervantes, Lope de Vega, G. B. Shaw...; nas pinturas e esculturas de Miguel Angel, Rafael, Tiziano, P. Veronés, Caravaggio, Bernini, Velázquez, Rubens, Picasso, Dalí...; e na música de C. Monteverdi, J. F. Handel, C. W. Gluck, R. Strauss...Incluso pódense establecer relacións coa Teoría da Evolución de C. Darwin.

Segundo os eruditos Ovidio concibiu *Las Metamorfosis* coma un *carmen perpetuum* ou un *poema continuo*, e nela completa e explica a Virgilio. Nesta obra, Ovidio escribe 250 mitos ou relatos mitolóxicos procedentes do mundo grego adaptados á cultura romana e a súa época. Nesos relatos ovidianos están presentes as ideas cosmogónicas, tanto órficas como pitagóricas, de tal xeito que narra a historia do mundo dende os inicios do Universo e a separación dos elementos ata a morte de Julio César e a súa transformación en estrela ou cometa, feito curioso mais non único xa que *Las Metamorfosis* é un poemario rico en transformacións. Non obstante, este recurso literario non é exclusivo de Ovidio se non que é característico dos textos clásicos como na *Eneida* de Virgilio, sendo un exemplo o relato de como as naves de Eneas incendiadas polo rei dos rútilos, Turno, foron transformadas por *Cibeles* en ninfas acuáticas. Ase mesmo hai temas que, con algunhas variacións, repítense nas obras de diferentes autores, como por exemplo a transformación de Pico (personaxe mítico ou lendario ou rei do *Lacio*) no paxaro Pico-verde pola maga *Circe*, este mito está presente nos escritos de Plutarco, Virgilio, Ovidio e incluso nos de San Agustín. Ou ben o dos compañeiros de *Acmón* transformados en cisnes que é contado tanto na *Eneida* coma nas *Metamorfosis*.

As transformacións en aves son moi frecuentes nos textos literarios, de feito estes animais son moi utilizados en diversas culturas e tradicións relixiosas para simbolizar o espírito ou a alma inmortal dos homes. Esta idea estaba moi arraigada no Antigo Oriente Medio e perdurou o longo do tempo no Islam e é moi utilizada na literatura e na pintura. Neste contexto destaca o escritor persa sufista *Farid al-Din 'Attār* (1145-1221) autor do poema alegórico da *Conferencia de los Pájaros*, acontecendo que moitos dos seus relatos son utilizados nos contos infantís. Da mesma maneira a obra ovidiana garda relación coa narración clásica da *Ortografía de Beo*, na que Tereo transformase en bubela. Mais este mito, se ben a versión de Ovidio é a máis coñecida, é mencionado moitas veces na literatura tanto nas obras dos escritores da antiga Grecia como Esquilo, Sófocles e Aristófanes, como nas de W.Shakespeare ou de F. Rojas Zorrilla, e incluso nas de T. S. Eliot.

### OBXECTIVO

Tendo en consideración as relacións existentes entre os relatos literarios e os diversos contidos de ciencias dos niveis de secundaria, pódense artellar diversas actividades de investigación, que sirvan para desterrar o cisma preestablecido entre as ciencias e as

letras. De tal maneira que elaboráronse materiais comparativos, por exemplo, entre as ideas órficas (un dos primeiros modelos cosmogónicos), as pitagóricas, as pinturas renacentistas das igrexas e as teorías actuais sobre a orixe do Universo; tamén entre diferentes relatos de transformacións coa ornitoloxía ou a zooloxía. Ademais preténdese fomentar a colaboración do profesorado das materias clásicas, literarias, historia, arte e os de ciencias.

## SELECCIÓN DOS TEXTOS

Para levar a término os obxectivos propostos fíxose un vaciado dos 250 poemas que integran a *Metamorfoses* de Ovidio, seleccionando pequenos anacos que serán utilizados como punto de partida das distintas actividades e que se propoñen de seguido:

### ◆ **El origen del mundo** (P. Ovidio: *Metamorfosis*, Libro Primero, vv. 4 – 88)

...  
5 *Antes del mar y de las tierras y, el que lo cubre todo, el cielo,*  
*uno solo era de la naturaleza el rostro en todo el orbe,*  
*al que dijeron Caos, ruda y desordenada mole*  
*y no otra cosa sino peso inerte, y, acumuladas en él,*  
*unas discordes simientes de cosas no bien unidas.*

...  
29 *Más densa que ellos, la tierra, los elementos grandes arrastró*  
*y presa fue de la gravedad suya; el circunfluyente humor*  
*lo último poseyó y contuvo al sólido orbe.*

Neste Libro Primeiro tamén están os poemas: Las edades del hombre, El diluvio, Júpiter e Ío (I, II), Faetón (I)...

### □ **Discurso de Pitágoras** (P. Ovidio: *Metamorfosis*, Libro decimoquinto, 59- 478)

...  
200 *¿Y no en apariencias cuatro se sucede al año*  
*ves, realizando las imitaciones de la edad nuestra?*  
*Pues tierno y lactante y semejantísimo de un recién nacido a la edad*  
*en la primavera nueva es. Entonces la hierba reciente y de dureza libre*  
*está turgente y sólida no es y en su esperanza deleita a los campesinos.*  
*Todas las cosas entonces florecen, y con los colores de las flores, nutricio,*  
*juega el campo, y todavía virtud en sus frondas ninguna hay.*  
205 *Pasa al verano, tras la primavera, más robusto el año*  
*y se hace un vigoroso joven, pues ni más robusta edad*  
*ninguna, ni más fértil, ni que más arda, ninguna hay.*  
*La releva el otoño, depuesto el fervor de la juventud,*  
*maduro y suave y, entre el joven y el viejo,*  
210 *en templanza intermedio, asperjado también en sus sienas de canas.*  
*Después la senil mala estación llega, erizada con paso trémulo,*

*o expoliada de los suyos -o de los que tiene, blanca- de cabellos*

...

□ **La apoteosis de Julio César** (P. Ovidio: *Metamorfosis*, Libro decimoquinto, vv. 744-870).

...

*Esta ánima, entre tanto, de su asesinado cuerpo arrebatada,*

840

*hazla tú luminaria, para que siempre los Capitolios nuestros  
y el foro, divino, desde excelsa sede vigile Julio”.*

*Apenas ello dicho había cuando en medio de la sede del Senado  
se posó la nutricia Venus, para nadie visible, y de su*

*César arrebató a sus miembros y -sin permitir que en el aire*

845

*se disparara- su reciente ánima llevó a los celestes astros,*

*y mientras la llevaba, que luz cobraba y fogueaba sintió*

*y la soltó de su seno. Que la luna vuela más alto ella,*

*y llameante arrastrando de espaciosa senda una crin*

*como estrella centellea y de su hijo viendo sus buenas obras confiesa*

850

*que son que las tuyas mayores y de ser vencido se goza por él.*

...

□ **Tereo, Progne y Filomena** (P. Ovidio: *Metamorfosis*, Libro Sexto, vv. 411- 674)

...

*Los cuerpos de las Cecrópides con alas volar pensarías:*

*volaban con alas, de las cuales acude la una a las espesuras,*

*la otra en los techos se mete, y no todavía de su pecho se han desprendido*

*las marcas de la matanza, y sellada con sangre su pluma está.*

670

*Él por el dolor suyo y de castigo por el ansia veloz,*

*se torna en pájaro, al que se alzan en su coronilla crestas.*

*Le sobresale, inmódico, en vez de su larga cúspide un pico.*

*Su nombre abubilla de ave, su porte armado parece.*

...

□ **Catálogo de los árboles; Cipariso** (P. Ovidio: *Metamorfosis*, Libro Décimo, vv. 86-147).

85

*Una colina había, y sobre la colina, llanísima, una era  
de campo, a la que verde hacían de grama sus hierbas.*

...

90

*no bosque de las Heliades, no de forndas altas la encina,*

*ni tilos mullidos, ni haya e innúbil láurea,*

*y avellanos frágiles y fresno útil para las astas,*

*y sin nudo el abeto, y curvada de bellotas la encina*

*y el plátano natalicio, y el arce de colores desigual,*

95

*y, los que honráis las corrientes, juntos los sauces y el acuático loto,*

*y perpetuamente vigoroso el boj y los tenues tamariscos,*

*y bicolor el mirto, y de sus bayas azul la higuera.  
Vosotras también, de flexible pie las hiedras, vinisteis y, a una,  
las pampíneas vides, y vestidos de esa vid los olmos,*

100

*y los fresnos y las píceas, y de su fruto rojeciente cargado  
el madroño, y dúctiles, del vencedor los premios, las palmas,  
y recogido su pelo y de erizada coronilla el pino,  
grato de los dioses a la madre, si realmente el Cibelio Atis  
se despejó en ella de su ser humano y de endurecerse hubo en aquel tronco.*

105

*Asistió a esta multitud, a las metas imitando, el ciprés,  
ahora árbol, muchacho antes, del dios aquel amado*

...

Neste Libro decimocuarto tamén hai: Poemas de Pico (vv. 307-415), Diomedes (vv. 458-511): transformación en cisnes de Acmon e outros navegantes).

## AS ACTIVIDADES

Nesta comunicación, como exemplo das actividades feitas para cada un dos textos escollidos, desenvolverase a deseñada para o texto de Tereo, Progne y Filomena do libro sexto da *Metamorfoses*, xa que a inclusión de todas elas orixinaría unha comunicación moi longa.

Ficha para alumno/a

### ACTIVIDADE: AVES

**RESUMO:** O heroe Tereo está casado con Procne filla do rei de Atenas e teñen un fillo, Itis. Tereo enamórase da irmá de Procne, Filomela, á que rapta, viola e córtalle a lingua. Filomela tece nunha tela a súa desgracia e a fai chegar a Procne. Ámbalas dúas argallan a vinganza e dan morte a Itis, o cociñan e danllo a comer a Tereo.

O mito de Tereo, Progne e Filomela é moi antigo e é moi frecuente na literatura, como nas obras dos escritores da antiga Grecia Esquilo, Sófocles e Aristófanes, nas doutros latinos como A. Liberal e Virgilio, ou nas de W. Shakespeare ou de F. Rojas Zorrilla e tamén nas de T. S. Eliot. Mais a versión máis coñecida é a de Ovidio (43 a. -C.-17 d. C.), nela os protagonistas Filomela, Procne e Tereo son transformados en tres paxaros: andoriña, reiseñor e bubela. Segundo os especialistas a fonte deste poema ovidiano pode ser a *Ornitogonía* de Beo (s.III a.C.).

**TEXTO: Tereo, Progne y Filomena** (P. Ovidio: *Metamorfosis*, Libro Sexto, vv. 411- 674)

...

*Los cuerpos de las Cecrópides con alas volar pensarías:  
volaban con alas, de las cuales acude la una a las espesuras,  
la otra en los techos se mete, y no todavía de su pecho se han desprendido  
las marcas de la matanza, y sellada con sangre su pluma está.*

670

*Él por el dolor suyo y de castigo por el ansia veloz,  
se torna en pájaro, al que se alzan en su coronilla crestas.  
Le sobresale, inmódico, en vez de su larga cúspide un pico.  
Su nombre abubilla de ave, su porte armado parece.*

...

- Dos tres paxaros “*acude la una a las espesuras*” é .....e “*la otra en los techos se mete, y no...*” é .....

- Dos tres cales coñeces

- Dos tres cales viste na natureza

**- Estudo das Aves.**

**Bubela:** nome en latín .....

Foto	<b>Características</b>
	<b>Canto:</b> (fai escoitas)

**Refrán:**

**Simbolismo:**

**A bubela na literatura:**

**Reiseñor:** nome en latín .....

Foto	<b>Características</b>
	<b>Canto</b> (fai escoitas)

**Refrán:**

**Simbolismo:**

**O reiseñor na literatura:**

<b>Andoriña</b> , nome en latín .....	
Foto	<b>Características</b>
	<b>Canto</b>
<b>Refrán:</b>	
<b>Simbolismo:</b>	
<b>A andoriña na literatura:</b>	

Ficha para profesor/a
<b>ACTIVIDADE: AVES</b>
<p><b>RESUMO:</b> O heroe Tereo está casado con Procne filla do rei de Atenas e teñen un fillo, Itis. Tereo enamórase da irmá de Procne, Filomela, á que rapta, viola e córtalle a lingua. Filomela tece nunha tela a súa desgracia e a fai achegar a Procne. Ámbalas dúas argallan a vinganza e dan morte a Itis, o cociñan e danllo a comer a Tereo. (O texto completo está na <i>Metamorfosis</i> e hai moitas referencias na interné).</p> <p>O mito de Tereo, Progne e Filomela é moi antigo e é moi frecuente na literatura, como nas obras dos escritores da antiga Grecia Esquilo, Sófocles e Aristófanes, nas doutros latinos como A. Liberal e Virgilio, ou nas de W. Shakespeare ou de F. Rojas Zorrilla e tamén nas de T. S. Eliot. Mais a versión máis coñecida é a de Ovidio (43 a. -C.-17 d. C.), nela os protagonistas Filomela, Procne e Tereo son transformados en tres paxaros: andoriña, reiseñor e bubela. Segundo os especialistas a fonte deste poema ovidiano pode ser a Ornitogonía de Beo (s.III a.C.). Da lectura do poema da <i>Metamorfosis</i> pódese dicir que Procne transformase en reiseñor e Filomela en andoriña, sen embargo moitos autores resinan a transformación contraria.</p>
<p><b>TEXTO: Tereo, Progne y Filomena</b> (P. Ovidio: <i>Metamorfosis</i>, Libro Sexto, vv. 411- 674)</p> <p style="text-align: center;">...</p> <p style="text-align: center;"><i>Los cuerpos de las Cecrópides con alas volar pensarías: volaban con alas, de las cuales acude la una a las espesuras, la otra en los techos se mete, y no todavía de su pecho se han desprendido las marcas de la matanza, y sellada con sangre su pluma está.</i></p> <p style="text-align: center;">670</p> <p style="text-align: center;"><i>Él por el dolor suyo y de castigo por el ansia veloz,</i></p>

*se torna en pájaro, al que se alzan en su coronilla crestas.  
Le sobresale, inmódico, en vez de su larga cúspide un pico.  
Su nombre abubilla de ave, su porte armado parece.*

...

- Dos tres paxaros “*acude la una a las espesuras*” é o **reiseñor**; e “*la otra en los techos se mete, y no...*” é a **andoriña**.

- **Estudo das Aves.**

**Bubela.** *Upupa epops* (Linn)



**Características:** Ave migratoria transahariana da Familia Upepidae de 27 cms. Doada de identificar polo seu seu peteiro e crista rechamante. O voo é moi característico, parece unha bolboreta. O macho e a femia son moi semellantes, máis alaranxado o macho. Come insectos, miñocas, arácnidos, larvas e pupas de insectos que están enterrados ou entre a hojarasca. Niña nos ocos das casas vellas e nas árbores. Os polos salpican ós intrusos con excrementos semilíquidos que cheiran moi mal. Abunda no sur de Galicia. Pode verse en xeral en espazos abertos, nos cultivos, hortas...entre marzo e novembro. Inverna en África.

...

**Canto:** *up-pu-pu-pu* (audicións)

**Refrán:** *Ave que vuela a la cazuela, todas menos la bubela.*

*Quando canta la habubilla, dexa el buey y toma la gravilla.* (s.XVI)

**Simbolismo:** Na literatura persa sufi preséntase como *a máis sabia, a coñecedora do ben e do mal, a mensaxeira do mundo invisible*. O nome co ca bautizaron os gregos, *opopon*, significa *o que vixía, o que observa*. Sen embargo, na literatura ibérica ten o significado de *mala muller* ou *homes luxuriosos*.

**A bubela na literatura:** É unha protagonista clásica na literatura de tódolos tempos. Mais hai unha gran diferenza no seu tratamento, pois, se ben, nos relatos dos autores islámicos é considerada como *a máis sabia* (fala co rei Salomón e os Profetas, coñecedora de Deus e os segredos da creación), nos latinos e ibéricos descríbese como unha *ave sucia* ou relacionada coa *bruxería* ou *apócemas de encantamentos*.

*Ver anexo literario.*

**Reiseñor.** *Luscinia megarhynchos* (optase pola especie común)

**Características:** Paseriforme migratoria da familia *Muscicapidae* (antes *Turdidae*). Pasa o inverno no sur de África e na primavera cría nos bosques (soutos) de Europa e Asia, aniñando nos densos arbustos pretos do solo. É raro na metade norte de Galicia. De tamaño (15-16,5 cm) un pouco maior co paporrubio. Na foto vense os seus cores: castaño nas alas e dorso e gris no ventre. Non hai moita diferenza entre o macho e a femia. Aliméntase de insectos (Insectívora). Tamén miñocas, arañas el algunhas baías.

...



**Canto:** Forte, belo e variado, coma sílvidos ou outros. Aínda que canta polo día ten a rara costume de cantar pola noite. Seu canto interpretase coma un queixido (dor, pena, traxedia). Tamén de doce canto nocturno en oposición a londra. (recurso: audicións). Ramón Pérez de Ayala di que *la voz del ruiseñor, como la del agua, es de cristal*.

**Refrán:** *Que sabe el burro del canto del ruiseñor.*

**Simbolismo:** anuncia a chegada da primavera, a beleza, o renacemento, a xuventude e o amor. O nome *Luscinia* deriva de *luctus*=dor.

**O reiseñor na literatura:** Este paxaro é un símbolo literario, a ave literaria por excelencia que manifesta na súa voz o “eco dunha pena humana”. Esta prestixiosa tradición literaria nace nas Geórgicas de Virgilio, segue nos poetas romanos, continúa e desenvólvese amplamente na lírica española do *Siglo de Oro*, e o modernismo fai do reiseñor unha das súas imaxes preferentes. Na literatura persa refírese como namorado da *Rosa Radiante*. Representa ao home apaixonado misticamente da Rosa, a beleza, o amor, a poesía, a música, o ser amado e a Unidade Divina. No Libro de los Gatos (s.XIV) representa aos homes e mulleres que son profundamente relixiosos. *Ver anexo:* relación de autores e obras nas que está presente o reiseñor.

### Andoriña, *Hirundo rustica*



#### Características:

Ave migratoria transahariana da Familia Hirundinidae  
É unha das aves que recorre máis distancia, ata 71.000 km,  
O macho e a femia son semellantes e emparéllanse para toda a vida.  
Gosta da compañía do home e seus niños de barro pódense atopar en graneiros, establos...e tamén en espazos abertos con cultivos e gando.  
Ten un gran sentido da orientación e memoria xa que volven ao mesmo niño ano tras ano.  
Comen moitos insectos: moscas, mosquitos, formigas voadoras, avespas, chinches e algúns escaravellos.  
Segundo a SEO/Birdlife España perde un millón de exemplares cada ano.

...

**Canto:** moi cantarina, *uit, uit*,... agudo e *prrr* áspero

**Refrán:** Hai moitos.

*Golondrina en bajo vuelo, anuncia lluvia en el cielo  
Ni un dedo hace mano, ni una golondrina verano*

**Simbolismo:** *Lealdade, fidelidade, fecundidade, felicidade.* Para os gregos *clarividencia*, xa que crían que a cegueira curábase coa celidonia (nome derivado de *khelidon* que en grego é andoriña) ou herba da andoriña. En África *pureza*. Nos sonos *bos augurios, boa sorte*. Forma parte da memoria popular campesiña dende antigo e neste ámbito considéranse paxaros benditos. Para os mariñeiros a *volta a casa*. A lenda di que as plumillas vermellas de seu peito son as huellas de haber quitado as espiñas da Coroa de Cristo, por este motivo relaciónanse coa *Pasión e Morte de Cristo*, isto é, coa Semana Santa.

**A andoriña na literatura:** Está presente na lírica popular grega, así na época pre-clásica existían os *chelidonismos* (*golondrinear*) ou *cantos de Petición* (de aguinaldo) que entonaban os nenos na illa de Rodas ó regreso ou volta das andoriñas. No sur de Salamanca séguense cantando versos que reproducen o canto das andoriñas. É protagonista de moitos contos clásicos e actuais. Hai que resaltar que o mesmo Álvaro Cunqueiro ten a obra “Canción rodia de la golondrina”.  
*Ver anexo*



## A dobre transformación de Tereo


Con anterioridade xa se comentou que non hai uniformidade nas transformacións nos relatos correspondentes a distintos autores, épocas e países. E o caso do entremetemento de Procne e Filomela que unhas veces son reiseñores e outras andoriñas.

Na traxedia perdida de Sófocles (496 a. C.- 406 a. C.) “Tereo”, Itis transformase en ave rapaz (gabián, aguia), unha falconiforme que persegue ao reiseñor, e non en bubela, como Tereo devora a seu fillo aparece transformado en gabián. Os estudosos do tema dan a seguinte explicación deste feito: Este mito naceu en Asia Menor e nesta zona Tereo é transformado en cuco que perseguía ao reiseñor e a andoriña preguntando sempre onde estaban. Popularmente os gregos confundían ao cuco co gabián e ademais crían que o gabián e a bubela eran semellantes porque o son do cuco parecíaselles máis ao canto nupcial da bubela na primavera. O chegar o mito á Ática deu lugar a unha transcripción dos cantos de tal maneira ca asimilación pasou de gabián=cuco=bubela.

No centro de Europa persiste, popularmente, esta asimilación entre a bubela e o cuco.

Outro exemplo neste senso é o da Ornitogonía de Beo (s. III a. C.) na que Tereo é transformado no paxaro “peto real”.

Pola confusión mencionada propónse unha actividade complementaria sobre os tres paxaros, gabián, cuco e bubela para comentar as diferencias que existen entre elas tanto no canto como morfolóxicas.



## Anexos literarios

### Bubela

- Refranes y proverbios en romance (Núñez, 1549).
- Discurso de la abubilla a los pájaros. (Conferencia de los pájaros, Farid ad-Din Attar, s. XII)
- Historia de los animales (Aristóteles, 384 a. C.- 322 a. C.)
- La historia de la abubilla y Salomón. (relato islámico)
- Libro de los Gatos (s. XIV)

### Reiseñor

- Soneto de Fernando de Herrera (s. XVIII)
- Soneto 69 de Góngora
- Geórgicas IV. (Virgilio)
  - Don Juan Tenorio (acto IV, escena III, J. Zorrilla)
  - Cantos de vida y de esperanza (Rubén Darío)

- Romeo y Julieta (acto V, escena III, W. Shakespeare)
  - Oda a un ruiseñor (John Keats)
  - El ruiseñor y la rosa (Oscar Wilde)
  - El ruiseñor (conto infantil, Hans Christian Andersen)
  - El ruiseñor y el gavián (fábula, Esopo)
  - El ruiseñor (Kristen Hannah, 2016)
  - La Filomena (Lope de Vega)
  - Versos 324-337 de Garcilaso de la Vega
  - Poema del ruiseñor (Ricardo Miró, 1883-1940)
  - El ruiseñor (poema-conversación, Samuel Taylor Coleridge, 1798)
  - Matar a un ruiseñor (Nelle Harper Lee, 1960)
- Tamén teñen relatos Juan Ramón Jiménez, José de Espronceda,...

### Andoriña


- Ejemplo VI. “De lo que aconteceu a la golondrina con las otras aves cuando vio sembrar el lino”. (La Golondrina. El conde Lucanor, Don Juan Manuel príncipe de Villena)
  - Libro del buen amor (estrofas, Arcipreste de Hita)
  - Volverán las oscuras golondrinas (Gustavo Adolfo Bécquer)
  - El gorrión y la golondrina (cuento para niños. León Tolstoi)
  - El príncipe feliz (Oscar Wilde)
  - A una golondrina (poema de Juan Clemente Zenea)
- Tamén a glosan o poeta Vicente Huidobro, Ramón Gómez de la Serna,...

### FONTES:

BERNABÉ PAJARES, A. *A cosmogonía das “Metamorfoses” e os seus antecedentes gregos*. Conferencia inaugural do curso “De Roma á Cultura Dixital: 2000 anos de Ovidio”. 20-06-2017.

GUNTIÑAS RODRÍGUEZ, M. E. *Pasto 1, pasto 2, pasto 3...una cuestión interdisciplinar*. OEI. Comunidade de Educadores para a cultura científica. IberoaméricaDivulga. @iberdivulga, 30-09- 2017.

PÉREZ VEGA, A. *Ovidio. Metamorfosis*. Tercera edición Orbis Dictus (Sevilla) y Wikisource-Wikimedia (San Francisco California, EEUU). Ed.3. Sevilla, España. 2008. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.



SOLANA, G. *Ovidio e Darwin, do simbolismo ó surrealismo*. Conferencia do curso De Roma á Cultura Dixital: 2000 anos de Ovidio”. 20-06-2017.

ZAPATA, A. *Procne y Filomela: La leyenda en las fuentes clásicas y su tradición en la literatura española hasta Lope de Vega*. <https://interclassica.um.es>

<https://www.seo.org/ave/abubilla>

<https://www.rios-galegos-com/ave22.htm>

<https://www.criticadelibros.com/personajes/filomela>

<https://www.mcncbiografias.com/app-bio/do/show?key>

<https://www.hechizos.es/mitos-leyendas-y-simbolos/la-golondrina>

<https://www.seo.org/>

[www.cervantesvirtual.com](http://www.cervantesvirtual.com)